

# Plan de Actividades 2015

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade de apoio ás universidades galegas, nos seguintes ámbitos de actuación:

### **SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN QUE SE ESTÁ A DESENVOLVER NA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

- Contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas: Bases de datos referenciais, libros e revistas electrónicas e portais e servizos de información.
- Estudos de avaliación da colección de recursos electrónicos.
- Proxecto de colaboración con varios Centros de Investigación da Xunta de Galicia para o acceso a recursos de información científica, onde BUGalicia participaría como xestor de compras e como administrador e xestor de incidencias.

### **SERVIZOS DE APOIO ÁS TIC NAS BIBLIOTECAS**

- Soporte técnico ao acceso aos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio.
- Actualización dos recursos contratados nas diferentes plataformas e sistemas de información (cambios de plataformas, novidades, etc.)
- Administración de SFX: Seguimento dos cambios da ferramenta, configuración e adaptación para o seu aproveitamento. Resolución de incidencias xerais ou individuais. Interlocución co provedor Greendata ou Exlibris. Preparación e extracción de estatísticas. Revisión dos listados das licencias consorciadas e carga no xestor de enlaces SFX. Resolución de incidencias.
- Administración de ERM: Mantemento, administración e desenvolvemento de novas funcionalidades da ferramenta de xestión das coleccións e contorno web de consulta para os membros do CBUG: listaxes de títulos consorciados, listaxes *counter* e datos estatísticos e información relevante dos recursos consorciados.
- Administración de SubjectPlus: Mantemento, administración e implantación de novas funcionalidades de SubjectPlus, como interfaz de promoción de recursos electrónicos e guías de usuario.

- Apoio na implantación de ferramentas de software libre “Guide on the Side”, ferramenta en liña que axuda a crear tutoriais interactivos.
- Coordinación na avaliación de ferramentas de descubrimento.
- Vixilancia tecnolóxica do mercado das ferramentas e servizos bibliotecarios de última xeración.

### **SERVIZOS DE APOIO Á FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL BIBLIOTECARIO GALEGO ORGANIZANDO**

- Cursos específicos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias: A propiedade intelectual na era dixital.

### **COLABORACIÓNS NOUTRAS INICIATIVAS BIBLIOTECARIAS**

- No ámbito galego:
  - Colaboración cos Centros de Investigación da Xunta de Galicia.
- A nivel nacional:
  - Colaboración con Expania, Asociación de usuarios de Exlibris en España.
  - Colaboración cos consorcios de bibliotecas universitarias doutras CC.AA.